

REUNIÓN

DIRECCIÓN-COMITÉ 15/01/09

Nesta reunión se ben a orde do día estivo acompañada con outros puntos como:

- Conciliación Familiar.- que foi asinado por SIT, UGT e CCOO, do cal daremos conta noutro momento.

- Reestructuración do persoal profesional.- onde a Dirección fíxonos entrega dun documento borrador, sobre elo, tamén será analizado cos afectados.

- En canto ó tema principal desta Reunión, e que colectivamente máis preocupación está xerando, foi coñecer as **previsións produtivas** que a Dirección tiña para este exercicio, así como as medidas para afrontalo.

PRODUCCIÓN.- 298.000 coches, unha redución (-32´88%) con respecto ó 2008.

EMPREGO.- En función desta produción prevista, segundo a Dirección, representaría na actualidade un "exceso no taller" de 2000 traballadores/as aproximadamente.

XORNADA LOBORAL.- A Dirección expuxo que para poder manter o emprego fixo, a actividade para cada Sistema sería a seguinte:

Sistema I, tería carga de traballo para 197 días, o que faltarían 22 días para cumprir a xornada individual anual.

Sistema II, tería carga de traballo para 173 días, neste caso faltarían 46 días para cumprir tamén a xornada anual.

Neste escenario PROPOÑEN as seguintes accións:

1ª.- Pechar a Quenda de Noite, posiblemente en Abril.

2ª.- Suspender a Xubilación Parcial.

3ª.- Evolución Bolsa de Horas:

- aumentar saldos negativos e individualizar a súa recuperación.

4ª.- Fraccionamento das vacacións (unha semana en marzo) sen a compensación dos 175€, que até o de agora percibíamos.

5ª.- Os 2 días que temos no convenio de disfrute individual pasalos a colectivo.

6ª No Sistema II, construír quendas de apertura reducida asociada ós tipos de contratos existentes por fases:

Fase I.- sería para despois de pechar a quenda de noite en Abril

Fase II.- sería para despois de verán.

A Dirección manifesta, tamén, as súas conclusións:

- a) Necesidade de formalizar un calendario, "non consolidado", con confirmacións mensuais
- b) Unha modificación significativa das previsións determinaría a necesidade de revisar a aplicabilidade deste conxunto de medidas organizativas.
- c) Unha vez eliminada a quenda de noite, localizaranse novos mecanismos de cara a favorecer o cumprimento da produción diaria, semanal, e mensual en dúas quendas.
- d) Ante unha situación de redución de volume xeralizada –dentro e fóra de PSA- o Centro de Vigo desenvolverá cantas accións precise para manter e mellorar a súa competitividade.
- e) A situación require especial colaboración do cadro de persoal para superar un contexto delicado:
 - Eliminación do emprego temporal
 - Xeración de cambios de posto e quenda.
 - Descompensación das poboacións.
- f) Estas medidas organizativas poderán complementarse ó longo do ano con accións específicas que permitan axustar o volume de traballadores/as dalgúns colectivos da plantilla

A Dirección comunícanos que para a semana que vén, están previstas novas reunións.

COMENTARIO- A C.I.G. xa manifestara no mes de novembro que ante a gravidade da situación económica que se aveciñaba, onde o noso Sector ía ser un dos máis prexudicados, apuntabamos que as medidas que se fosen adoptando debían ter un carácter coxuntural e compartidas por ámbalas partes.

Sen restar o dereito ó debate que tódolos traballadores/as debemos exercer, é evidente que dentro desta batería de medidas que nos propón a Dirección, os únicos que aportan sacrificio tanto social como económico somos os traballadores e traballadoras.

A C.I.G., tendo como fin prioritario o mantemento do emprego, non evadirá a súa responsabilidade de discutir estas ou outras alternativas, nas cales a Dirección tamén terá que asumir a parte que lle corresponde.

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA